

## **Colección: Fondo: Lois Tobío no seu arquivo persoal**

**Ficha documental da epistola de Ramón de Valenzuela, a Lois Tobío Fernández do  
27/02/1958**

**Colección:**

**Data:** 27/02/1958

**De:**

Ramón de Valenzuela;

**Para:**

Lois Tobío Fernández;

**Orixe:**

Montes de Oca, 21 (de enderezo), Castelar (local), Morón (de partido)

**Destino:**

26 de Marzo, n.º 1089 (de enderezo), Montevideo (local), Montevideo (departamental)

**Ficha descriptiva:**

[Carta mecanografiada, con sinatura autógrafa e con membrete: RAMÓN DE VALENZUELA OTERO LICENCIADO EN FILOSOFÍA Y LETRAS. Na marxe esquerda hai unha nota manuscrita].

**Mencionados:**

Eduardo Blanco Amor; Ánxel Fole; Luís Seoane; M<sup>a</sup> del Carmen Soler; Mariví Villaverde;

**Notas do editor:**

O enderezo aparece no membrete da carta:

MONTES DE OCA 21

CASTELAR (F.C.N.D.F.S.)

**Notas legais:**

Este documento pertence ao Fondo documental e fotográfico Lois Tobío, conservado no Consello da Cultura Galega por doazón de Constanza Tobío.



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

---

## **Transcrición da epistola de Ramón de Valenzuela, a Lois Tobío Fernández do 27/02/1958**

Ramón de Valenzuela Otero  
LICENCIADO EN FILOSOFÍA Y LETRAS  
MONTES DE OCA 21  
CASTELAR (F.C.N.D.F.S.)  
27 de Febreiro de 1958

Sr. D. Lois Tobío  
MONTEVIDEO

Querido Tobío:

A Comisión de Cultura do Centro Pontevedrés encarregoume que che escribira pra che pedir unha conferencia no día 11 de Abril que vén, co gallo de celebrar o aniversario da República. Como é natural a dita entidade correría cos gastos de viaxe i estadía teus e da tua dona. No caso que aceptaras a invitación convíñalles (mellor dito convíñanos, porque eu tamén son da dita Comisión) que dixeras o tido da conferencia pra facer con tempo os programas e a propaganda.

AGUEA estase animando moito pra este ano. Aparte dos cursos e das conferencias que coido serán como sempre, pensamos intensificar as publicacións. Ademáis, comezando precisamente no Pontevedrés, faremos varias sesións do Teatro Lído que, de certa maneira, compretará a laboura que B. Amor fai co Teatro Popular Galego. Pensamos comezar con "A Fiestra Valdeira", seguir con "A Soldadeira" de Seoane e despois con unha comedia que eu fixen, da que estou noi contento.

CITANIA está encaixando ben na coleitividade e xa está pra sair "Esmorga" de B. Amor e unha comedia de Fole.

Eu estou satisfeito de como vai eiquí o galeguismo e ainda mais porque vexo que van desaparecendo as pequenas xenreiras que tanto mal nos teñen feito.

Mariví está moi contenta de que veñades e xa fai proieitos pra que o pasedes ben.

Unha forte aperta pra ti e saudos a M<sup>a</sup> del Carmen de teu irman

[Ramón Valenzuela] [sinatura autógrafa]

[na marxe esquerda, nota a man]: Agradeceríache un exemplar do diario onde sale unha nota encol da miña novela.

---

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.